



A orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos (DOG de 15/03/2013), no artigo 13 información ao alumnado e ás familias, no punto 2. D. Expón:

1. Que cada alumna e alumno só poderá presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2. A solicitude deberá ser asinada pola proxenitora, proxenitor ou representantes legais do alumnado. No caso de separación ou divorcio, os dous proxenitores ou titores asinarán a solicitude, agás que aquel que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para a súa comprobación polo centro educativo.

3. A solicitude de admisión estará a súa disposición na web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjuanrey/> e na secretaria do centro (De 11:10 a 12:05 h). Recomendamos, dadas as restricións sanitarias, cumprimentar dita solicitude a través da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> que será acompañada do documento acreditativo de idade do alumno/a (Copia do libro de familia ou do DNI do alumno/a).